



Celébrase a Asemblea Xeral anual da Federación Galega de Caza

Coincidindo coas V Xornadas de Xestión Cinexética e Medio Ambiente que tiñan lugar o pasado 7 de xuño en Portas (Pontevedra), a Federación Galega de Caza aproveitaba para convocar a súa asemblea xeral anual no mesmo escenario, xa que moitos dos seus membros acudían a ditas xornadas.

Tras aprobar as contas anuais do 2007 e os orzamentos do 2008, a memoria de actividades, os novos prezos dos seguros e o calendario e normativa de competicións do presente ano, repasáronse as principais actuacións da FGC no pasado ano: a campaña de seguridade "Caza seguro, para cazar ben", a nova e exitosa iniciativa "Compartir Caza", a pioneira convocatoria e reunión de cazadores galegos que supuxeron os "Encontros pola Caza" e a posta en marcha dos ambiciosos proxectos que compoñen o denominado "Observatorio da Caza".



A continuación debatíronse os novos proxectos para levar a cabo durante o ano 2008 entre os que cabe sinalar o que xa se deu a coñecer nas xornadas que antecederon á asemblea: o plan de recuperación das especies de caza menor en Galicia.

Os presidentes provinciais fixeron as súas propostas, así como os presidentes de sociedades e cazadores que conforman a asemblea da Federación e que foron aprobadas unánimemente polos asembleístas, para finalmente dar paso a un amplo turno de rogos e preguntas. O acto transcorreu con total normalidade e ambiente distendido, propoñéndose e analizándose diversos temas e cuestións de importancia para a caza en Galicia que foron debatidas e na medida do posible encauzadas á solucións ou á búsqueda das mesmas.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com